

A/A INSPECCION PROVINCIAL DE TRABAJO E
SEGURIDADE SOCIAL DA CORUÑA.

Rafael Rodríguez Méndez , en calidade de delegado de prevención por Cig-Saúde da Área Sanitaria de A Coruña - Cee, con domicilio en As Xubias de Arriba nº 84, CP- 15006- A Coruña (mesma dirección a efectos de notificacións) **expoñen** ante o organismo anteriormente indicado:

-Que por medio do presente escrito formulo denuncia contra a Área Sanitaria de A Coruña - Cee, con conta de cotización á seguridade social 15/00011327/92 e con domicilio en As Xubias de Arriba, 84.CP-15006 (A Coruña), en base aos seguintes feitos:



PRIMEIRO: Con data 9 de marzo de 2022, denúncianse problemas de seguridade estrutural do hospital Abente e Lago (adxunto copia), solicitando reunión urxente para tratar este tema. As caídas tiveron lugar no terceiro andar, nas habitacións 319 e 320, na sala de descanso do persoal (na que resultou ferida unha traballadora da limpeza) e no despacho da supervisión.

SEGUNDO: Con data 22 de marzo reúnese o **Comité de Seguridade e Saúde da Área Sanitaria de A Coruña-Cee**, no cal se solicita información sobre a **situación de seguridade estrutural do Hospital Abente e Lago** e as súas posibles solucións (a administración envía a convocatoria do comité cun único punto na orde do día :Incidente do Hospital Abente e Lago).

Nesta reunión do 22 de marzo de 2021 (15 días despois da denuncia escrita), a administración infórmanos da contratación dunha empresa privada para que elabore un informe sobre o solicitado e pide unha marxe de 15 días para convocar unha nova reunión e así poder entregar o informe pertinente (a día de hoxe non temos o informe).

TERCEIRO: entre a data da denuncia (9-03-2022) e a reunión do Comité de Seguridade (22-03-2022) prodúcese outro accidente (caída dunha ventá de 2m de largo x 1 m de ancho aproximadamente) no servizo de Radioloxía (na unidade de mamografía) no primeiro andar do hospital. Debido a que os corredores son estreitos e que nese momento non pasaba ningún por eles, por sorte, non houbo ningún ferido/a.

O día 17 de abril acontece outro accidente: sepárase unha ventá da estrutura (nunha habitación, concretamente na 319), que arranxan para que non caía de todo de maneira provisional ,pero mentras e como única solución proposta pola administración é que non se abran a ventás, nin sequera para ventilar (tal como indican os protocolos de riscos biolóxicos e tamén por hixiene). Colocan carteis nas diferentes habitacións nas que non se poden abrir as ventás.

CUARTO: O artigo 21 da Lei de Prevención de Riscos Laborais 31/1995, de 8 novembro, recolle:

“1. Cuando los trabajadores estén o puedan estar expuestos a un riesgo grave e inminente con ocasión de su trabajo, el empresario estará obligado a:

a) Informar lo antes posible a todos los trabajadores afectados acerca de la existencia de dicho riesgo y de las medidas adoptadas o que, en su caso, deben adoptarse en materia de protección.

b) Adoptar las medidas y dar las instrucciones necesarias para que, en caso de peligro grave, inminente e inevitable, los trabajadores puedan interrumpir su actividad y, si fuera necesario, abandonar de inmediato el lugar de trabajo. En este supuesto no podrá exigirse a los trabajadores que reanuden su actividad mientras persista el peligro, salvo excepción debidamente justificada por razones de seguridad y determinada reglamentariamente.

c) Disponer lo necesario para que el trabajador que no pudiera ponerse en contacto con su superior jerárquico, ante una situación de peligro grave e inminente para su seguridad, la de otros trabajadores o la de terceros a la empresa, esté en condiciones, habida cuenta de sus conocimientos y de los medios técnicos puestos a su disposición, de adoptar las medidas necesarias para evitar las consecuencias de dicho peligro.

2. De acuerdo con lo previsto en el apartado 1 del artículo 14 de la presente Ley, el trabajador tendrá derecho a interrumpir su actividad y abandonar el lugar de trabajo, en caso necesario, cuando considere que dicha actividad entraña un riesgo grave e inminente para su vida o su salud.

3. Cuando en el caso a que se refiere el apartado 1 de este artículo el empresario no adopte o no permita la adopción de las medidas necesarias para garantizar la seguridad y la salud de los trabajadores, los representantes legales de éstos podrán acordar, por mayoría de sus miembros, la paralización de la actividad de los trabajadores afectados por dicho riesgo. Tal acuerdo será comunicado de inmediato a la empresa y a la autoridad laboral, la cual, en el plazo de veinticuatro horas, anulará o ratificará la paralización acordada.

QUINTO: O día 22 de abril de 2022 convócase novamente ao Comité de Seguridade e Saúde ás 12 h. No punto da orde do día de seguridade estrutural o responsable de mantemento comenta o informe da empresa contratada para o estudo da seguridade estrutural, no que din que das 493 ventás do Hospital Abente y Lago se detectaron deficiencias en 58 . Dos problemas do chan ou do recebo de parede non fixeron estudio.

Solicitamos que se nos facilite unha copia do informe e o cronograma e a planificación para levar a cabo as medidas correctoras necesarias (indicadas nese informe). O informe quedan en facilitalo (aínda estamos esperando por él) e en canto á planificación, a resposta é *“que se levarán a cabo as modificacións cando o permita a carga asistencial”*.

Alegamos que a única medida de seguridade non pode ser a de “non abrir a ventà”, posto que nalgunhas habitacións hai doentes ingresado covid + , e nestes casos se recomenda a ventilación como unha medida para disminuir o risco de contaxio.

A administración reitera que en canto se poida asistencialmente farán as correccións pertinentes.

A día de hoxe os problemas estruturais seguen sen solucionarse (como única medida o peche e bloqueo das ventás) e observamos desinterés por parte da Xerencia en canto á prevención de riscos e a seguridade dos traballadores, así como tamén dos usuarios.

POR TODO O EXPOSTO SOLICITAMOS:

Na súa virtude se teña por formulada denuncia contra a Área Sanitaria da Coruña-Cee e se requira de xeito urxente á denunciada para que subsane todos aqueles feitos que constitúan un risco grave e inminente que se concreta na substitución de ventás. Risco este constatado pola materialización do mesmo en máis dunha ocasión recentemente.

Sen outro particular, atte.

A Coruña a 13 de Maio de 2022.



Asdo: RAFAEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ

Delegado prevención por (CIG-SAÚDE)